

Nogueiras, A.; González M.; Macia M.
IES Lagoa de Antela

• Narrativa



A HORA DO DESKEO

Pouco a pouco os glaciares íranse detruíndo xa que a temperatura global sobe. Así morrerán moitas das especies de animais que viven alí pola falta de comida.



GALICIA AFECTADA

Galicia foi unha das comunidades autónomas de España que foi afectada polos incendios do ano 2006. Nesta fotografía aparecen os lugares máis dañados polo lume ● ● ●

ENTREVISTA AOS BOMBEIROS DE XINZO DE LIMIA

- **Cales son as causas máis probables dos incendios?**
- Pois nós cremos que non tirar colillas o chan, non deixar basura no monte, en épocas de alto risco de incendios non empregar vehículos a motor cando se vai polo monte adiante, non botar fogos artificiais etc.
- **Que podemos facer ao respecto?**
- Cando se vai de camping levar varias bolsas de plástico e botar cada envase no seu lugar e ó mesmo tempo que non deixas a basura tirada pois tamén reciclas, en vez de levar a parilla ó monte levar bocadillos, limpar os corta-fuegos, arrincar as

malezas, limpar os ríos contaminados, repoboando as hectáreas de monte queimado etc.

- **Que poderíades facer e que facedes para previr os incendios?**
- Pois nós, á xente que ven aquí pois informámola de como hai que reaccionar ante os incendios xa que eso é moi importante. Nós xa temos un tipo de vixilancia tanto de montes como dos coches que van apagalo.
- **A súa opinión**
- O máis importante cremos que é a prevención en todos os campos

Alumno:

Alba Nogueiras Nogueiras, María González Sotelo, Mandy Macia Porchet.

Lema:

A destrucción e opinións sobre o cambio climático

Descrición:

Tratamos sobre as catástrofes que o cambio climático exerce na Terra, a regra das 3 R (reducir, reciclar e reutilizar) e tamén facemos unha entrevista ó Xefe dos Bombeiros de Xinzo, que nos conta como é a súa actuación ante os incendios.

Centro:

IES Lagoa de Antela

Curso:

1º ESO D

Rodríguez, T.
IES Lagoa de Antela

Debuxo



Alumno: Tiziana Rodríguez Amaral

Lema: Por cada árbore unha vida

Centro: IES Lagoa de Antela



Curso: 1º ESO A

Descrición:

O planeta Terra con árbores para representar que cada unha delas é unha vida.

Fernández, A.; Justo
A.M.; Garrido, M.J.
IES Lagoa de Antela

• Pósters



Alumno: Amparo Fernández Villar, Arantxa María Justo Rosario, María José Garrido Iglesias

Lema: A Contaminación

Centro: IES Lagoa de Antela

Curso: 1º ESO

Descrición:

Un póster dividido á metade, nun lado cousas positivas (que evitan a contaminación) e noutro cousas negativas (que contaminan).

Alonso, A.; Doliveira, Y.
IES Lagoa de Antela

Debuxo



Alumno: Alba Alonso Carrasco, Yolanda Doliveira Domínguez

Lema: A contaminación terrestre

Centro: IES Lagoa de Antela

Curso: 1º ESO

Descripción:

Un debuxo no que se ve como afecta a contaminación terrestre ao cambio climático e os efectos que provoca.

Dopozo, A.
IES Lagoa de Antela

Fotografía



Alumno:

Alvaro Dopozo Feijoo

Lema:

O CO₂, unha fonte de contaminación moi visible

Centro:

IES Lagoa de Antela

Curso:

1º ESO C

Descrición:

Fotos de varias fontes de contaminación. As emisións procedentes das industrias e do transporte, son causantes do incremento de gases de efecto invernadoiro como o CO₂, na atmosfera da Terra

Prieto, L.
IES Lagoa de Antela

Debuxo



Alumno: Leticia Prieto Vázquez

Lema: Non ao cambio climático

Centro: IES Lagoa de Antela

Curso: 2º ESO

Descrición:

É un debuxo que fala da contaminación, o desexo da Antártida e do aumento da superficie dos desertos.

Rodríguez, P.; Mandi-
anes, A.A.; Bolaño, I.
IES Lagoa de Antela

• Narrativa



OPERACIÓN CLIMANTICS

Había una vez un pueblo llamado Climantus, que allá por el S.X vivía al leste del océano Clímico, en una isla llamada Climántica.

En Climantus vivía una familia llamada Climonta, que estaba compuesta por dos apuestos hombres, Climirosio, Climanterist y su mascota un pavo real llamado Climantístico.

Al otro lado del océano Clímico vivían sus peores enemigos los Climanos que eran los mayoritarios jefes de todas las tierras, menos la isla Climántica, gobernada por los Climalos, en concreto por el jefe de ellos, Climantoturis.

Cada año los Climalos se enfrentaban a los Climanos en una batalla por la disputa de la isla. Pero, hasta entonces los vencedores siempre eran los Climalos, ya que idearon

un secreto para vencerlos, inventado por Climantoturis con diferentes tipos de hierbas: Climatrebol, Climatema, Cliteruma y Climeterilla.

Esta pócima de hierbas tropicales le servía a los Climalos para hacerlos más fuertes y poderosos para vencer a los Climanos. Este año como siempre, se volverían a reunir, aunque ellos no tenían calendario, sabían el día exacto en que era la batalla, gracias al reloj de arena y al Climo, un papel mágico que al escribirle algo te lo decía con exactitud, si era Clines (lunes) Clites (martes) Climeles (miércoles) Clieves (jueves) Clíneres (viernes) Clibado (sábado) Clímingo (domingo), eso sí, si era Clibado o Clímingo no se pelea porque es fin de semana y no se trabaja y mucho menos en Clímingo porque hay que ir a misa a rezarle

Alumno:

Pamela Rodríguez Saeta, Alba Augusto Mandianes, Iria Bolaño Losada

Lema:

Operación Climántices

Descripción:

Un conto con historias para mentalizar sobre a problemática do cambio climático.

Centro:

IES Lagoa de Antela

Curso:

2º ESO



al Dios del Clima.

Pero, este año era especial, porque era bisiesto y no cuadraban igual los días de la semana. Eso el Climo no lo sabía, ya que no estaba capacitado para ello.

Entonces cuando llegó el día 7 de Climbo (marzo) los Climanos se aventuraron por el océano Clímico hasta la isla de los ClimaLos, lo que no sabían los Climanos era que ese día que salieron era Clieves por la noche y si el camino duraba un día llegarían el Clíneres a la noche, pero, hasta el Clibado por la mañana no podrían luchar.

UN DÍA DESPUÉS


Los Climanos ya llegaron a Climántica y se disponían a ir a Climantus a batallar con los Clámalos.

y cuando llegaron: -Buenos días Climantirist -dijo el jefe de los Climanos -Buenos días señor -respondió Climantirist -Clo, clo, clo -chilló el pavo Climantístico -Pero Climantirist, ¿cómo tiene usted ese pavo en los brazos? -preguntó el Climano -Perdone no es un pavo cualquiera, es mi mascota y se llama Climantístico -respondió enfadado Climantirist -Pero, en vez de jugar con él y cebarlo, ¿por qué no lo mata y lo come? seguro que tiene buen sabor -dijo el jefe -Co-co-como se atreve y a que vinieron? -chilló Climantirist -Pues a la batalla, a que sinó -sonrió el Climano -Pero hoy no

puede ser la batalla, porque es Clibado y no se trabajadijo Climantirist -Pues tendremos la batalla mañana -dijo el jefe -Mañana tampoco podrá ser porque es Climingo y hay que ir a misadijo Climantirist -Pues



tendremos la batalla el Clines -respondió el jefe -Espere señor, este año tendrá que ser diferente porque nosotros siempre peleamos por nuestra isla y esta año peharemos por la vuestra también, le parece? -preguntó Climantirist -Vala, de acuerdo, nosotros aceptamos, porque no sería justo pelear siempre por la vuestra, eso sí si ganamos nos quedaremos con vuestra isla y con vuestro dichoso pavo, para comemoslo -dijo el jefe -¡No, mi pavito no lo venderé! -chilló Climantirist -Clo, clo, clo -dijo el pavo -Sin el pavo no hay trato -advirtió el jefe -Eh, Climirosio, ven aquí dijo Climantirist -Sí, dime que quieres -dijo Clirnirosio -¿A ti te parece que luchemos por nuestra



isla, por la suya y si ganan ellos, le damos nuestro pavito? –dijo Climantirist –Si, de acuerdo, pero nosotros también ponemos una condición –dijo Climirosio –Te parece que si ganamos nos quedemos con sus tierras, con nuestra isla y con su gran barco, con el que siempre vienen a nuestra isla –pensó Climantirist –De acuerdo, pero si ganáis, aunque nada sea nuestro nos tendréis que dejar una tierra donde vivir –dijo el jefe

EL DÍA DE LA BATALLA

Como todos los años todos se reunían en el campo, con las catapultas y metralletas, pero las metralletas sin balas de verdad, llevaban canicas.

A la derecha siempre se situaban los Clímanos, en la izquierda los Climalos y en el centro para dar comienzo a la batalla el pavo, Climantístico, que como no podía hablar hacía “CLO, CLO, CLO” con un altavoz en las patas para que se enteraran los luchadores. Tras dos horas de disputa el pavo dio comienzo a la batalla.

Finalmente tras dos intensos y agotadores días de batalla los vencedores fueron los Climalos, así que los Clímanos se quedaron sin sus tierras y sin su precioso barco que tardaran 15 meses en construirlo y los Climalos se quedaron con su isla y con su

pavito Climantístico.

El jefe de los Clímanos le dijo a sus guerreros que se podían instalar en el pueblo de los Climalos y así fue.

Los Climalos fueron a ver su nuevo barco y descubrieron que había un cochinitillo en la despensa del barco, así pues el cochinitillo se hizo amigo del pavo Climantístico.

UN AÑO DESPUÉS

Los Clímanos se marchaban para su antiguo reino pero como los Climalos ya eran dueños de todas sus tierras decidieron compartirlas con los Clámanos. Así pues, decidieron compartir su decisión con los Clímanos. Desde ese momento todos fueron muy buenos amigos y empezaron a construir un enorme pueblo llamado Clímanolos con un castillo para los jefes de ambos bandos, para Climatoturís y para el jefe de los Clámanos. También construyeron casas para sus respectivas familias y un corral para el cochinitillo y para el pavo Climantístico en el que le pusieron un circuito para que hagan rally y una pista de patinaje sobre hielo. Así pasaron el resto de los días, todos juntos en armonía.

FIN



Porto R.
IES Lagoa de Antela

Narrativa

A SUMIDOIRO DO FUTURO

Lois é un rapaz que vive na parte baixa da Coruña. É alto e delgado. Ten o pelo castaño e os ollos verdes. O que máis lle gusta é xogar ó fútbol. É unha persoa que non se preocupa nada polo medio ambiente. Tira a basura o chan, non recicla, malgasta a auga, despreza a comida, fai fogueiras nos bosques e no campo...

Un día que volvía da escola atopouse cunha rúa pola que nunca pasara e que non lle soaba de nada. Como era moi curioso decidiu pasar por alí. Mais ou menos no medio e medio da calzada atopou unha alcantarilla polvorenta. Por debaixo de toda a sucidade había unha inscrición que puña:

- Se de aquí queres volver

O problema terás que resolver

De repente, a alcantarilla desapareceu baixo os seus pés e Lois volveu cara a súa casa estrañado. A medida que ía camiñando dábase conta de que non había ninguén pola rúa e supuxo que estarían comendo. O que máis lle sorprendeu foi que case non había casas nin pisos e se os había estaban queimados ou derrubados. Ó pasar por diante dunha tenda de televisións observou que nun canal de información había unhas noticias

que puñan:

<Morren moitos animais porque se desconxelou todo o xeo da Antártida>

< Un furacán chega a Nova York e destróza toda a cidade>

< Unha familia que estaba no campo morre atrapada nun incendio>

Lois non daba crédito o ocorrido. Pero ademais diso na mesma tenda viu un espello e veuse reflexado a si mesmo. Dábase reconecido pero agora medía case dous metros e tiña barba. Asustado foi correndo cara a súa casa pero alí só atopou a Marta, a súa irmá pequena, ou o era antes porque agora xa medrara pero Lois reconeceulla en seguida e preguntoulle:

- Marta, es ti de verdade? que fas aquí? que pasou na cidade? E papá e mamá onde están?

- Si, son eu e vostede quen é?

- Non sabes quen son?

- Non - respondeu Marta

- Son Lois o teu irmán

- De verdade es ti! A policía díxome que ti morreras no accidente.

Alumno: Rocio Porto Urbano


Lema: O Sumidoiro do futuro

Centro: IES Lagoa de Antela

Curso: 1º ESO D

Descrición:

Empty box for description.



- Si son eu. Que accidente?
- Pois...que...mamá e papá morreron nun accidente porque un dos edificios caéuselles enriba.
- Que a papá e a mamá lles caeu un edificio enriba? Pero como, se os edificios da Coruña son moi resistentes!
- Para comezar esta cidade non se chama A Coruña senón que cambiou o nome por Vila - Desgrazas- díxolle a irmá- e ademais dende que o clima cambiou todo é diferente. Onde estiveches estes anos?
- Iso non importa agora. Temos que facer algo por mellorar o clima para que non morra mais xente.
- Xa o sei. Pero non se me ocorre que facer.
- Primeiro teríamos que buscar axuda.
- Síntoo Lois pero eu non te podo axudar, teño que ocuparme do meu...
- Marta non puido acabala frase. Alguén lla interrompiu:
- Que pasa aquí? Marta, e a miña cea? Quéroa xa!- dixo o home berrando.
- Xa cha fago agora- respondeulle Marta
- Quen era ese?- preguntou Lois
- O meu marido Tomás. Del é de quen me teño que ocupar.
- O teu marido? Pero ti ves como che trata?
- A cea!!- berrou Tomás
- Si. Pero... din os científicos que no 2050 imos morrer todos. E iso é dentro de 3 anos. Así que agora xa da igual.
- Marta a cea xa!!- berrou de novo Tomás.
- Xa vou- dixo Marta- síntoo Lois pero teste que ir. Adeus

Marta pechoulle a porta no seu nariz e Lois marchou asombrado. A súa irmá era tan alta coma el, vivía na casa dos seus pais e estes estaban mortos e por enriba ela estaba casada cun marido folgazán e que a trataba mal. A Lois non lle paraba de dar voltas a cabeza:

- Pero como pode ser? E papá e mamá, xamais os volverei a ver? E todo isto pasou polo cambio climático? Xa se acaba o mundo dentro de 3 anos?
- Non lle entraba na cabeza todo o sucedido e decidiu ir facer unha visita ó taller onde traballaba o pai do seu amigo Antón. Ó chegar alí atopouse cun home baixo e forte e preguntoulle:
- Perdoe aínda segue traballando aquí Xurxo?(que era o pai do rapaz),
- Non. Meu pai xubilouse e agora son eu o encargado do

taller- respondeulle o home.

- Antón, es ti?
- Si, son eu. E vostede?
- Son Lois, o teu amigo da escola.
- A cara do home mudou de repente
- Eres ti, Lois!- dixo o home- non pode ser: é imposible.
- Pois son eu.
- Pero se ti morriches nun accidente. Ou non?
- Non. Agora non cho podo explicar. Tesme que axudar a arranxar unha cousa.
- O que sexa -dixo Antón.
- Vasme axudar dalgunha forma a intentar diminuír o cambio climático para poder axudar o mundo e darlle uns anos máis de vida.
- Vale. Por que non? Poderemos estudialas causas e consecuencias e buscar unha posible solución.
- Pois moi ben. Quedamos na túa casa as dez.
- Esta ben. Adeus.
- Pasaron varias horas e chegou á hora proposta. Lois subiu o piso de Antón e ambos os dous sentáronse na mesa da cocíña e comezaron a enumerar unhas causas do cambio climático xunto coas súas respectivas consecuencias.
- Que moitas hectáreas de bosques teñen continuos incendios ademais de basura esparcida por toda a superficie.
- Moi ben Antón. Que solución lle buscarías?
- Falarlle a xente sobre o bo que é coidar o noso medio. Pedirlles que non fixesen fogueiras nin tirasen os papeis ó bosque nin a outro sitio senón que os reciclasen nos seus correspondentes contedores.
- Moi ben. Eu digo...unha solución.
- Vale. Cal?- dixo Antón.
- Que cando utilizásemos unha bolsa de plástico ou de calquera outro material poderíamos usala varias veces e así non fabricar tantas nas industrias de maneira que non botasen tanto fume o que contribúe a contaminación do aire.
- Moi interesante. Iso e mailo que eu dixen faremolo mañá. Así seguiron toda a noite e, a mañá seguinte dirixíronse a Praza Maior de Vila Desgrazas pero antes Lois foi a casa da súa irmá e díxolle:
- Marta, pódoche pedir unha cousa?
- Si. Dime
- Deixa o teu marido, faino por min.



- Como vou facer iso?
 - Chama a un avogado e dille que te queres divorciar.
 - Esta ben. Estiveno pensando e é verdade que teño que aproveitar o tempo que me queda. Fareino. Voume divorciar. Moitas grazas Lois.
 Despois de dicir isto deulle un bico e pechou a porta. Os dous amigos dirixíanse moi contentos cara a praza maior pero, de súpeto escoitaron un ruído moi forte.

- Un maremoto- berrou Antón -corre Lois, corre cara a biblioteca.

Por sorte chegaron antes que o maremoto.

- E agora que?- preguntou Lois

Non sei pero temos que decidir algo xa.

Lois mirou pola ventá e viu coma se acercaba o maremoto pero tamén divisou a alcantarilla que vira antes de que lle sucedera o ocorrido.

- Xa sei onde ir Antón.Ségueme.

Ó chegar xunto a alcantarilla Lois non veu a inscrición e pensou que se equivocara. Recordou o que puña antes a alcantarilla e deuse conta de que tería que haber resolto o problema. Pero agora era demasiado tarde. O seu carón viña o maremoto. Estaba a punto de morrer e botouse a chorar.

Por culpa miña estamos así. Tiven que comer toda a comida,

reciclar, non desperdiciar a auga, non facer fogueiras... Se puidese volver a ser pequeno cambiaría todo e portaríame ben e axudaría o medio ambiente para que non se producise este cambio climático por culpa do cal se esgotou o xeo na Antártida, morreron tantos animais, outras persoas que morreron de frío ou dun golpe de calor... eu axudei a todo iso e arrepiéntome moito.

Despois de dicir estas palabras, o seu redor volveuse negro e había moito silencio. Entón...ring ring ring!

- Lois, esperta que xa son horas- berrou a súa nai.

- Non pode ser- dixo Lois para si mesmo- volvíñ a casa. Estou salvado. Agora o que teño que facer é cumprir a miña promesa e coidar do noso planeta porque así poderei axudar no futuro. E, de seguido, foi correndo cara a súa nai e deulle unha aperta inmensa. Lois aprendera unha lección moi valiosa e grazas a ela comezaba unha nova vida axudando o medio ambiente, evitando o cambio climático e sendo máis amable cos demais.

FIN